



## PROTOCOLO DE MOBILIDADE:

### ENTRADAS, SAÍDAS, CIRCULACIÓN, AULAS, RECREOS, ASEOS, CAFETERÍA

É obrigatorio o acceso ao centro con mascarilla. O alumnado cómpre que traia unha de reposto e gardala debidamente na mochila.

Habilitaremos todas as entradas posibles do centro que estarán asignadas a cada grupo/ensinanza de acordo a seguinte numeración en correspondencia co plano de situación da seguinte folla:

1

**ENTRADA PRINCIPAL DO EDIFICIO. SITUADA NA AVENIDA DE VIGO. 1º /2º ESO**

Usarase para todo o alumnado de **1º a 2º da ESO** (con e sen transporte escolar) tanto para entrada como saída.. O alumnado dirixirase directamente ás súas aulas seguindo as intrucións do **profesorado de garda**. Non se permite estar parados nin no corredor de acceso nin na entrada do centro.

2

**ENTRADA LATERAL AO CARÓN DA RESIDENCIA ABANCA. SITUADA NO PAVILLÓN. CICLOS FORMATIVOS DE ELECTRICIDADE, MECANIZADO E FPB.**

Será a porta de entrada e saída obrigatoria para o alumnado de **ciclos formativos de electricidade, mecanizado e formación profesional básica**, tanto de ordinario como de formación modular.

3

**ENTRADA POSTERIOR DO PAVILLÓN. ACCESO POLA RÚA DO GORGULLÓN DESDE EDUARDO PONDAL. 1º/2º/3º/4º ESO**

Entrada e saída para o alumnado sen transporte escolar de 1º a 4º da ESO, que por proximidade do seu domicilio lle resulte máis cómodo.

4


**ENTRADA POLO XARDÍN DA FACHADA. SITUADA NA AVENIDA DE VIGO.**

**3º/4º ESO, BACHARELATOS, CICLOS FORMATIVOS IMAXE PERSOAL E SANITARIA**

Usarase para a entrada e saída polo alumnado de 3º e 4º da ESO (con ou sen dereito a transporte), de bacharelato ordinario e adulto e polo alumnado de ciclos formativos de sanitaria (ordinario e modular) e imaxe persoal (ordinario e modular).



## PLANO DE SITUACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS



PREGAMOS AO ALUMNADO RESPETEN AS ENTRADAS E SAÍDAS HABILITADAS PARA CADA GRUPO. GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN.

## TIMBRES DE ENTRADA/SAÍDA.

- A entrada ao centro do alumnado está condicionada polo transporte e será as 8:30. Co obxectivo de evitar aglomeracións cómpre que o alumnado respecte as entradas sinaladas para cada ensinanza.
- **Está prohibido que o alumnado permaneza en espera** formando grupos tanto á entrada do centro, nos corredores de acceso ás portas ou dentro do recinto; O alumnado accederá directamente ás súas respectivas aulas.
- O **timbre de saída** para o alumnado de **1º a 4º da ESO** soará ás **13:50 hs.** O timbre de saída para o alumnado de ciclos formativos, bacharelatos e FP Básica soará **as 13:55 hs.**
- Cómpre saír de xeito ordeado e respectando as distancias de seguridade.

## CIRCULACIÓN POLO CENTRO E AULAS DE REFERENCIA.

- A circulación polo centro farase o máis pegado á dereita dos corredores do sentido de circulación cun metro de distancia, deixando o espazo central para o profesorado. Cómpre seguir as flechas indicativas.



- Os grupos de alumnado terán un aula de referencia, agás os desdobres motivados pola optatividade e algunha excepción debido á falta de aulas nas que se poda manter 1,2



metros de distancia de seguridade. Naquelas aulas nas que no se poidan garantir esta distancia, están instaladas mamparas de separación.

- O alumnado de cada grupo terá un aula de referencia da que só se moverá a talleres, pavillón ou aulas específicas que precisen.
- En todas as aulas e talleres dispónse de xeles hidroalcólicos para a desinfección de mans.
- En todas as aulas inclúese cartelería de prevención e hixiene seguindo o protocolo Covid.
- Os protocolos específicos dos talleres están descritos dentro do Anexo IV de adaptación do Protocolo Covid ao centro.
- Nos supostos de cambio de aula pola optatividade das materias, o profesorado deixará saír ao alumnado cinco minutos antes de que soe o timbre. O alumnado dirixirase á aula que corresponda ou ben ao pavillón deixando a distancia de seguridade entre eles. No suposto de que o alumnado teña que esperar á entrada da aula deberá seguir mantendo a distancia de seguridade.

## RECREOS EN HORARIO DE DIURNO E VESPERTINO

Haberá dous recreos diferenciados en horario de diurno para evitar aglomeracións e manter na medida do posible un illamento tipo grupo burbulla:

- **De 11:00 a 11:30:** recreo para 1º e 2º da ESO, ciclos formativos, FP Básica e Bacharelato. Os grupos de 1º e 2º da ESO terán o uso exclusivo do pavillón, non permitido para alumnado de ciclos formativos, nin para o bacharelato ou para FP Básica, que permanecerán na entrada descuberta número 2 ou no ximnasio. Cada clase disporá dun espazo diferenciado e marcado na grada para que poda tomar o almuerzo (único momento no que se poderá retirar momentaneamente a mascarilla); tamén haberá sinalización para o uso de medio campo de baloncesto para cada clase (temos tres campos de baloncesto en horizontal). O alumnado de 1º e 2º da ESO, máis o de FPB non pode saír do centro durante os recreos. O alumnado de ciclos formativos e bacharelato maior de 16 anos e menor de 18, precisa autorización dos seus proxenitores para saír do centro durante o recreo (entregarase ao alumnado nas correspondentes titorías)
- **De 11:50 a 12:20:** 2º recreo para 3º e 4º da ESO . Os grupos de 3º e 4º da ESO terán o uso exclusivo do pavillón. Cada clase disporá dun espazo diferenciado e marcado na grada (único momento no que se poderá retirar momentaneamente a mascarilla para almorzar); tamén haberá sinalización para o uso de medio campo de baloncesto para cada clase (temos tres campos de baloncesto en horizontal). Ningún alumno de 3º e 4º da ESO pode saír do centro durante o recreo.

En horario vespertino haberá dous recreos de dez minutos de duración nas seguintes franxas: **de 18:30 a 18:40 e de 20:20 a 20:30.**



## PROTOCOLO VENTILACIÓN AULAS

- Como normal xeral as xanelas permanecerán abertas o maior tempo posible sempre que a climatoloxía o permita.
- Antes da chegada do alumnado as aulas terán as xanelas abertas. O profesorado que entre a primeira hora será o encargado de pechalas.
- Antes do recreo, o profesorado que teña clase co grupo será o encargado de deixar abertas as xanelas. Ao finalizar o recreo o profesorado que entre na aula será o que as peche.
- Á última sesión lectiva o profesorado que remate será o que deixe abertas as xanelas.
- Nas aulas/talleres no que haxa instalado ventilación mecánica, será o profesorado dos mesmos os encargados da activación da mesma.

## USO DOS ASEOS.

- O aforo dos aseos é limitado indicando o número de persoas máximas.
- Non está permitido ir o aseo nos intercambios de clase o durante as mesmas salvo causa xustificada de forza maior.
- En todos os aseos haberá unha folla de seguimento na que se marcará a hora exacta da súa desinfección e a persoa responsable da mesma (protocolo de limpeza)

## CAFETERÍA.

- O aforo da cafetería está limitado ao número de persoa indicado á entrada da mesma.
- É preciso respetar a entrada e saída marcada ao efecto.
- Cómpre respetar a entrada e saída da mesma e manter a distancia de seguridade nas esperas para entrar.